


CAMPAÑA DE ANIMACIÓN Á LECTURA

Contarte

QUINCENA DA ARTE E A LITERATURA INFANTIL



Concello de Lugo
Concelloría de Educación

OOO editora

Contarte

QUINCENA DA ARTE E A LITERATURA INFANTIL

*O neno ten cen linguas, cen mans, cen pensamentos,
cen maneiras de pensar, de xogar, de falar,
cen, sempre cen, maneiras de escoitar, de sorprender, de amar...
cen alegrías para cantar e entender,
cen mundos que descubrir,
cen mundos que inventar,
cen mundos que soñar...*

LORIS MALAGUZZI

Libro e lectura son un punto de partida desde o cal podemos entender o mundo, botar a andar o maxín e desenvolver a creatividade nos pequenos. Desde **OQO** traballamos o conto como un espazo de achega á literatura, á interculturalidade, e á creación artística para desenvolver o espírito crítico nos nenos e nenas e ofrecer os medios para aprender novas formas de mirar.

Desde esta perspectiva, propoñémoslle á **Concellería de Educación** do **Concello de Lugo** levar a cabo a cuarta edición da campaña de animación á lectura e creación plástica **CONTARTE**. A campaña terá como protagonistas os libros *Caixa de cartón*, *Fume* e *Á sombra dos anacardios* da **colección Qontextos** e *A caixa dos recordos* da **colección O**.

A través da **colección Qontextos**, **CONTARTE 2011** permitíranos, ademais de traballar a creatividade plástica e a literatura infantil, abordar temas sociais que nos falan das desigualdades, da guerra ou de réximes antidemocráticos.



En 2008 **OQO editora** inaugura a **colección Qontextos**, un proxecto editorial que nace coa convicción de que os temas sociais deben contar cun espazo propio no que sexan visibles realidades que con frecuencia permanecen silenciadas ou ocultas.

Fume (Antón Fortes & Joanna Concejo) foi o álbum que abriu a colección. Esta historia achéganos á vida dun neno nunha das máis infernais realidades creadas polo home; un campo de concentración e exterminio nazi.

Esta colección supón non só unha aposta decidida polo compromiso social, senón tamén pola calidade literaria. Proba desto é a mención **White Raven** que lle foi outorgada en 2009 a *Fume*, distinguíndoo como un dos máis fermosos do mundo.

Despois deste comezo tan prometedor, en xaneiro de 2010 viu a luz *Caixa de cartón*, o segundo título da colección. Neste álbum, Txabi Arnal e o ilustrador iraniano Hassan Amekan únense para ofrecer unha crónica da inmigración, aínda que desde un punto de vista moi diferente ao que a diario nos presentan os medios de comunicación.

Nestas páxinas non hai análise de xornalistas, nin estadísticas; só a voz valente dos protagonistas deste auténtico drama humano e vai a ser unha nena a que en primeira persoa nos relate a súa historia.

Nunha nova mostra do seu compromiso cos temas sociais, **OQO editora** publicou en setembro deste ano o terceiro título de **Qontextos**, *Á sombra dos anacardios*, con ilustracións de Simona Mulazzani e no que repite como autor o galego Antón Fortes.

En este álbum abórdase o grave problema da SIDA en Guinea Bissau, que afecta a unha alta porcentaxe da poboación infantil. Este país africano é un dos que rexistra maior subdesenvolvemento de todo o mundo. Por este motivo, enfermidades infecciosas ou de transmisión sexual quedan sen tratar, o que provoca que se agraven e cheguen a producir a morte. A mortalidade infantil, causada por esta desatención en saúde, é moi elevada no país: de cada mil nacidos vivos, 105 bebés morren antes de cumprir un ano.

No entanto, en *A sombra dos anacardios*, ao igual que en *Fume*, hai lugar para a esperanza. En pleno carnaval de Bissau, na vida da pequena protagonista fai acto de presenza a máscara da morte e con ela o medo. Esta terrible figura é contrarrestada cos coidados do doutor Vieira. Con este espírito solidario universal, sen focalizar nun único conflito, territorio e colectivo mantense **Qontextos**. Por iso, e para esta colección, **OQO editora** colabora coa **ONGD Creart**.



Creart é unha ONGD (Organización Non Governamental de Desenvolvemento) que traballa desde a arte para mellorar a calidade de vida das persoas. Laica, independente, sen ánimo de lucro e solidaria, con ámbito de actuación internacional. **Creart** ten o obxectivo de atender, sobre todo, ás poboacións infantís máis desfavorecidas e marxinadas, a partir dunha educación artística que fomenta a autoestima, a imaxinación, a creatividade e o recoñecemento de valores para transformar o conflito. **Creart** ten o convencemento de que a educación é o primeiro paso para que as persoas saian adiante.

A cooperación a través da arte, é efectiva e transforma, ten forza.

Creart organiza talleres de expresión artística para que os nenos e nenas, partindo da propia identidade e do marco social, cultural e económico no que viven, xeren os seus propios procesos creativos, nun marco pedagóxico que impulse a liberdade, o respecto, a tolerancia, a solidariedade e a valoración dos demais. A arte como ferramenta para educar na paz e para a transformación de conflitos.

Creart utiliza a arte como ferramenta educativa para traballar en situacións de conflito.

É a través do traballo artístico que as persoas desenvolven habilidades (a constancia, a curiosidade, a creatividade, a autoestima, a delicadeza, a paciencia e a confianza nos demais), indispensables para a paz.

A arte é unha ferramenta para comprender a realidade, un instrumento que permite examinar e cuestionar os fenómenos que nos rodean e contribuír a construír visións e versións alternativas non só ante experiencias cotiás senón tamén fronte ao conflito e ás realidades diversas.



Actividades a realizar nos centros de ensino**Paxariños de la e follas secas****Obradoiro de animación á lectura****1º, 2º e 3º de Primaria**

- Participantes por sesión: 25 (1 aula).
- Duración: 60 minutos.
- Espazo: Aula ampla con mesas.
- Material: Obxectos, témperas e ceras.

Decidira que a caixa da estrela rota

ía ser a miña caixa dos recordos.

Dentro estaba a estrela que se despegara da tapa.

Estaba a bóla que atopara diante do portal,

o rotulador de punta fina,

as tres pedras que collera no mar:

o Ollo de Tigre, a Pedra de Neve e a Esmeralda,

a folla seca, un paxariño de la e as migallas de pan

que recollía cada día do mantel.

E tamén unha pulseira con perlas falsas, pero iguais ás de verdade.

Para o desenvolvemento da actividade tomamos como base o libro **A caixa dos recordos**.

Comezaremos coa lectura do conto para situar aos rapaces e rapazas no imaxinario da nosa protagonista. Entre todos construiremos unha historia para dotar de carga afectiva a cada obxecto da caixa.

Faremos grupos de dous ou tres compoñentes (dependendo do número de escolares) e a cada grupo outorgaráselle un obxecto. Cada un deles exporá o que lle transmita, e recolleremos as suxestións de toda a aula no encerado.

Á historia creada por cada grupo sumaráselle as características que se presentan no conto.

Para finalizar, cun rotulador de punta fina decoraremos as nosas follas, así cada un de nós gardará a súa caixa dos recordos como testemuño do realizado.

Historias de cartón

Obradoiro de plástica creativa

4º, 5º e 6º de Primaria

- Participantes por sesión: 25 (1 aula).
- Duración: 60 minutos.
- Espazo: Aula na que se poida proxectar en parede branca ou pantalla.
- Material: Proxector, papeis variados, cartón, lapis, pinturas, xornais.

*Cando nacín, miña nai meteume nunha caixa de cartón,
unha desas caixas onde gardan os zapatos
os que teñen zapatos.*

*Aquela caixa era o meu berce, o meu cuarto, a miña casa,
as paredes que amortecían o pranto de miña nai...*


A partir do álbum **Caixa de cartón** abordaremos as desigualdades e as inxustizas sociais.

A actividade comezará coa presentación das ilustracións en *power point* e a narración do texto. Repararemos na proposta do ilustrador Hassan Amekan: como constrúe figuras e escenarios que parecen de cartón, material co que tenta que percibamos a fragilidade e desamparo ao que están sometidos os protagonistas. Para lograr este efecto, emprega un papel fino e delicado sobre o que compón imaxes con óleos e colaxes sobre o que volve debuxar despois. A presenza do fume negro trae connotacións funestas: a morte, o loito... a presentación da chuvia, o pranto, as direccións e o dialogo coas liñas descontinuas... Repararemos no cromatismo, que nos transmite unha sensación de melancolía na presentación das figuras, en perfil da mesma cor, todas menos unha: unha nena vestida coa cor da vida... o vermello.

Xogaremos con materiais cos que poidamos reproducir os escenarios que presenciamos no álbum (papel *craft*, vexetal...) para facer noso o universo plástico que nos transmite o ilustrador Hassan Amekan.

Explicada a técnica artística, dividiremos o texto en tantas partes como grupos se formen e traballáremolo para transmitir a perspectiva máis humana da inmigración.

Para iso, botaremos man de artigos de xornal que reflectan a realidade social á que se enfrontan os inmigrantes, e repararemos na recollida de historias alentadoras e esperanzadoras que nos falan de solidariedade.



Qo artista

Encontro co ilustrador Chené Gómez. Director da ONGD Creart.

Alumnos da Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón.

CHENÉ GÓMEZ

Presidente da Asociación Creart (con sede en Barcelona), ONGD que traballa para a educación da infancia a través da arte. Alí, realiza tamén un traballo como educador artístico-social de nenos e nenas que viven en situacións difíciles, principalmente na Faixa de Gaza e no Senegal. É profesor do Curso de posgrao de Retail Fesign da Escola Superior de Disseny Elisava, en Barcelona e colabora como ilustrador con OQO editora, onde publicou Loboferoz (2006), A viaxe das bolboretas (2006).

Colaborou en diferentes proxectos de deseño como a creación do Museo Marino de Trieste ou a Casa de Acollida Ullrich de Turín. Colaborou na dirección artística da Galería de Arte Contemporánea Domo Gallery en New Jersey, EEUU. Foi profesor no Master de Arquitectura Creativa da Accademia Italiana di Design en Florencia. Colaborador no deseño e realización do proxecto de decoración mural no Hospital Víctor Babes de Bucarest, Rumanía. Dirixiu o departamento de color de "Miguel Saco Restoration", Nova York e foi xurado en diversas ocasións en Parsons School of Design, Nova York. Ten publicacións na revista de arte contemporánea "Art Notes" e na revista italiana de arte "Etraarte".

Leva recibido numerosos premios e recoñecementos polo seu traballo artístico. A súa obra foi exposta en Washington, San Francisco, Florencia, Barcelona, Málaga, Xaén, Córdoba e Granada. Ademais, realizou obradoiros de educación artística en España, Italia, Os Estados Unidos de América, A India, Tailandia, O Senegal, Israel e Os Territorios Ocupados Palestinos.